

DECRETO

EXCMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, ALCALDE EN FUNCIÓNS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA MILAGROSA.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 35-2024, por un importe total de 50.125,68 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico para proceder á contratación do servizo de vixilancia da Milagrosa, á vista do vencemento do contrato actual o vindeiro 16.09.2024.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1167/2024, do 08.08.2024 así como o RCMOD Ref.: 53670/2024, por importe de 15.506,28 € ; Ref: 53671/2024, por importe de 10.194,48 € e Ref: 53672/2024, por importe de 24.424,92 €, do 07.08.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiciadores e magnitudes económico-financieiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, e son indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Non obstante o anteriormente sinalado, neste caso concreto, na providencia que inicia o expediente xustifícase a necesidade da transferencia indicando que se trata da prórroga dunha contratación en vigor (cunha duración de 1+3 anos, atopándonos na última anualidade susceptible de prorrogar), considerando imprescindible a modificación xa que o servizo de vixilancia segue a ser necesario nas instalacións afectadas, tendo en conta tamén que a transferencia proposta afecta a aplicacións do mesmo grupo de programas de gasto, seguridade, polo que non vai ter incidencia noutros servizos ou áreas do concello. O razoamento empregado non desbota o indicado no parágrafo anterior, sobre a necesidade de conter o gasto, aínda que é certo que, cando menos, non se trata dunha necesidade de nova creación senón do sostemento dunha contratación vixente.

Intervención

CCG/lrb

Refª: ispac5299795639257106003.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 35-2024 Novo contrato vixilancia Milagrosa

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 50.125,68 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
13200.12001 13200.12100 13200.12101	15.506,28 € 10.194,48 € 24.424,92 €	13200.22701	50.125,68 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	50.125,68 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	50.125,68 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.